

**CONCELLO DA LARACHA**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 9 DE NOVEMBRO DO**  
**ANO 2018**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 9 de novembro do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

**PRESIDENTE**

**JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA**

**CONCELLEIROS**

Grupo político municipal P.P.

**JESÚS SOUTO PENA**

**RAMIRO BELLO RECOUSO**

**ALBERTO FUENTES PREGO**

**PATRICIA M<sup>a</sup>. BELLO CANEDO**

**MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY**

**CRISTINA VIEITES CALVO**

**ADELINA LISTE MONELOS**

**ANTONIO FRAGA BOLÓN**

**ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS**

**JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA**

Grupo político municipal B.N.G.

**XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ**

**CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN**

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

**JUAN CAAMAÑO REGUEIRA, ELADIO VERDÍA GARCÍA**

Grupo político municipal Mixto

**ANTONIO ANTELO AÑÓN**

Excusa a súa asistencia: **JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO, CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN**

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste como Interventor Manuel Martínez Varela, o da Corporación

**1º.-DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE DESIGNACIÓN DE DÍAS FESTIVOS PARA O ANO 2019**

Dase lectura á proposta de alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa, que di:

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria remitiu a este Concello da Laracha as instrucións sobre o asunto calendario laboral 2019 o día 17 de outubro de 2018*

co nº 5681 de RE

Con base no anterior propoño ao Pleno que para o ano 2019 os festivos locais no termo municipal da Laracha sexan o martes 5 de marzo de 2019 ( Entroido) e o día 16 de agosto de 2019.

Sométese a votación a proposta sen debate, resultando aprobada por unanimidade.

## 2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DA LARACHA A FAVOR DA PLANTILLA DE ALCOA E DA RETIRADA DO ERE

O alcalde da lectura á Declaración Institucional que apoian tosos os grupos do consistorio por unanimidade

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DA LARACHA SOBRE ALCOA

---

O Concello da Laracha mostra o seu apoio ás demandas do Comité de empresa de Alcoa na defensa do mantemento da actividade e dos postos de traballo das plantas da Coruña e de Avilés, así como a solidariedade cos empregados e as empregadas de ambas fábricas afectados e afectadas polo ERE de extinción.

O Concello da Laracha súmase ao acordo unánime do Parlamento de Galicia do 24 de outubro de 2018 no que se insta á compañía a retirar o expediente de extinción de emprego e a atopar unha solución a través dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas que garanta a continuidade da actividade empresarial e dos postos de traballo

O Concello da Laracha insta ao Goberno central a modificar o sistema de interrumpibilidade, simplificar o modelo enerxético, presentar un marco tarifario estable para o ano 2019 e explorar vías que faciliten investimentos que transformen e modernicen as tecnoloxías nas fábricas para facelas máis competitivas.

O Concello da Laracha secunda os actos dos traballadores e traballadoras da planta de Alcoa da Coruña e anima á veciñanza da Laracha a sumarse a eles para facer unha fronte común na defensa dos seus dereitos laborais e do mantemento da industria do aluminio en Galicia.

A Laracha, 9 de novembro de 2018

Non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión sendo as 13:45h